

**Escena 1**

- Querida Lebre, sempre presumes de ser a máis rápida, pero ata que non o demostres non teño por que crerte.
- Pois porque teño unhas patas longas e flexibles e ti curtas e cativas.
- Para saír gañadora dunha proba, non só hai que ter condicións, tamén é necesario ter vontade e constancia.
- O que ti queiras, pero se facemos unha carreira morderás o po ante o meu triunfo.
- Pois mañá ao mediodía.
- Ata mañá. Non me das ningún medo.



**Escena 2**

- Que insensata é esta tartaruga.. Fai un anaco que empezamos a carreira e tomei tanta vantaxe que nin se ve ao lonxe... Que calor fai! Como levo tanta vantaxe vou descansar un anaco...ha, ha, ha...  
*(A lebre botouse a descansar)*
- Que calor fai! Pero non podo perder un segundo..Pero que estou vendo? A lebre descansando baixo unha árbore... Vou seguir e igual podo ser a gañadora.
- Como puido suceder? A tartaruga gañou a carreira! Resulta que cando me deitei baixo a árbore quedei durmida! Así perdín a carreira, fun moi confiada. Vou retar á tartaruga a unha nova carreira.

**Escena 3**

*(Empeza a segunda carreira)*

- Podo elixir eu o traxecto?
- Podes, pois gañaría aínda con muletas.
- Pois imos correr polo camiño que rodea a montaña.
- Alá imos...
- Que fas aí parada na beira do río? Pensei que xa cruzaras a meta.
- É que... é que...
- Ti mesma, eu vou cruzar o río a nado.
- Eu non podo, non sei nadar.
- Vaia! Pois temo que vou gañar de novo a carreira... Volveches a ser demasiado confiada.
- E ti elixiches este traxecto para que non puidera cruzar o río.
- Se non foras tan crida, comprobarías antes o traxecto, pero como estabas tan segura de gañar... Eu si creo nas miñas posibilidades, pero non sen antes valorar tamén outras calidades.



**1** Sinala a resposta correcta.

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> A carreira era entre         | <input type="checkbox"/> a tartaruga e a formiga. |
| <input type="checkbox"/> Gañou a carreira             | <input type="checkbox"/> a tartaruga e a lebre.   |
| <input type="checkbox"/> A tartaruga e a lebre vivían | <input type="checkbox"/> a lebre.                 |
| <input type="checkbox"/> A lebre era                  | <input type="checkbox"/> a tartaruga.             |
| <input type="checkbox"/> A tartaruga era              | <input type="checkbox"/> no campo.                |
|   | <input type="checkbox"/> no mar.                  |
|   | <input type="checkbox"/> orgullosa.               |
|   | <input type="checkbox"/> humilde.                 |
|   | <input type="checkbox"/> constante.               |
|   | <input type="checkbox"/> preguiceira.             |

**2** Le e ordena estas oracións que contan o que pasou na fábula.

- E deitouse a descansar.
- Había unha lebre que se ría da lenta tartaruga.
- A lebre colleu moita vantaxe.
- A tartaruga propúxolle unha carreira.
- A tartaruga non parou e así gañou a carreira.